



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 83-2024.**

## **XL CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 16**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza, o 11 de maio de 2024, o XL Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub 16, en sede por confirmar.**

**Art.2) Poderán intervir os 16 clubs masculinos e femininos con mellor estadiño de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións provistas no art. 3.**

- Presentación a través da SDP (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00h do luns 29 de abril.
- Puntuarase segundo a **Táboa WA 2017 de Aire Libre**, agás as probas propias de pista curta, que serán puntuadas pola táboa de pista curta do mesmo ano.
- As probas a presentar no estadiño son as seguintes:

Homes:

100 (ou 60), 300, 600, 1.000, 3.000, 100v (ou 60v/80v), 300v (ou 220v), 1.500  
Obst. (ou 1.000 Obst), altura, lonxitude, triplo, pértega, peso, disco, martelo,  
xavelina e 5.000 marcha (ou 3.000/10.000 marcha).

Mulleres:

100 (ou 60), 300, 600, 1.000, 3.000, 100v (ou 60v/80v), 300v (ou 220v), 1.500  
Obst. (ou 1.000 Obst) altura, lonxitude, triplo, pértega, peso, disco, martelo,  
xavelina e 3.000 marcha (ou 5.000 marcha).

- **Criterios de puntuación específicos:**
  - 100v Homes → Táboa do 110v.
  - 80v → Táboa RFEA 2010.
  - 300v → Táboa do 400v aumentando un 38% o tempo.
  - 220v → Táboa do 400v aumentando un 95% o tempo.
  - 1500 Obst. → Táboa da milla.
  - 1000 Obst. → Táboa da milla aumentando un 55% o tempo.
  - Marcas realizadas con artefactos Sub 14 → descóntanse 50 puntos (agás no martelo masculino de 2kg, que se descuentan 150 puntos)

Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024, tanto en aire libre como en pista curta, por atletas con licenza en vigor polo club participante ou asociados a este, aínda que teñan estado noutro club no 2023.



**Art.3) Poderán participar atletas Sub 16 pertencentes aos clubs clasificados e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:**

- Cada atleta poderá participar en dúas probas. En caso de dúas carreiras, só unha poderá ser superior a 300m.
- Número máximo de participacións de clubs asociados por equipo: 6

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

**Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 7 de maio.**

Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 14 probas, non sendo admitidos aqueles que non cubran ditas prazas.

**Art.5) O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ao seguinte sistema:**

1º=N; 2º=N-1; 3º=N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.  
En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 14 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

**Art.6) Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.**

**Art.7) O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de remudas sobre a inscrición inicial, non se contabilizarán.**

**Art.8) En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.**



### **Art.9) Cadencias nos saltos verticais.**

Comezarase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación:

**As cadencias publicaranse unha vez pechado o prazo de inscrición.**

### **Art.10) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

### **Art.11) Cámara de chamadas**

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

**Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.**

<b>SAÍDA A PISTA</b>	
<b>Minutos antes da hora oficial da proba</b>	
<b>Carreiras e marcha</b>	<b>5'</b>
<b>Remudas</b>	<b>7'</b>
<b>Pértega*</b>	<b>35'</b>
<b>Concursos restantes</b>	<b>25'</b>

\*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.12) A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.**

### **Art.13) Sorteio de estaxes e orde de actuación.**

- Realizarase un sorteio aleatorio en cada unha das probas.

### **Art.14) Reunión técnica cos delegados dos clubs na zona de meta ás 9:15**

- Elección de táboas do triplo (ata un máximo de 3)
- Outras consideracións a considerar polo Xuíz Árbitro ou os delegados.



**Art.15) Horario da competición:**

XORNADA DE MAÑÁ							
HORA	CARREIRAS			FOSO	PÉRTEGA	ALTURA	LANZ. LONGO
10:00	5000 marcha	Homes	Final	Triplo M			Disco H
10:40	3000 marcha	Mulleres	Final				
11:10	300 mv (0.84)	Homes	Final A				
11:16	300 mv (0.84)	Homes	Final B				
11:20				Triplo H			
11:25							Disco M
11:30	300 mv (0.762)	Mulleres	Final A		Pértega H	Altura M	
11:36	300 mv (0.762)	Mulleres	Final B				
11:48	3000	Homes	Final				
12:04	3000	Mulleres	Final				
12:20	1000	Homes	Final				
12:28	1000	Mulleres	Final				
12:36	600	Homes	Final A				
12:40				Lonxitude M			
12:42	600	Homes	Final B				
12:48	600	Mulleres	Final A				
12:50							Martelo H
12:54	600	Mulleres	Final B				
13:00	300	Homes	Final A				
13:06	300	Homes	Final B				
13:12	300	Mulleres	Final A				
13:18	300	Mulleres	Final B				
13:30	1500 Obs (0,762)	Homes	Final				
13:45	1500 Obs (0,762)	Mulleres	Final				

XORNADA DE TARDE								
HORA	CARREIRAS			FOSO	PÉRTEGA	ALTURA	PESO	LANZ. LONGO
16:30	100 mv (0,91)	Homes	Final A	Lonxitude H	Pértega M	Altura H		Martelo M
16:36	100 mv (0,91)	Homes	Final B					
16:46	100 mv (0,762)	Mulleres	Final A					
16:52	100 mv (0,762)	Mulleres	Final B					
17:05	100	Homes	Final A					
17:11	100	Homes	Final B					
17:17	100	Mulleres	Final A					
17:23	100	Mulleres	Final B					
17:40							Peso M	
17:50								Xavelina H
18:45							Peso H	
19:00								Xavelina M
19:15	4x100	Homes	Final A					



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



**CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

<b>19:23</b>	<b>4x100</b>	<b>Homes</b>	<b>Final B</b>					
<b>19:31</b>	<b>4x100</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Final A</b>					
<b>19:39</b>	<b>4x100</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Final B</b>					
<b>19:48</b>	<b>4x300</b>	<b>Homes</b>	<b>Final A</b>					
<b>19:58</b>	<b>4x300</b>	<b>Homes</b>	<b>Final B</b>					
<b>20:08</b>	<b>4x300</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Final A</b>					
<b>20:18</b>	<b>4x300</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Final B</b>					

**Art.16) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.**

**A Coruña, a 23 de abril de 2024**

**Yolanda González Fernández**  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**